

CUENTO DE NAVIDAD

José María Merino (España, 1941)

En el cielo del amanecer brillaba con fuerza aquel insólito lucero que la gente común contemplaba con asombro, pero el capitán sabía que era uno de los satélites de comunicaciones que permitirían a su ejército mantener la supremacía en aquella guerra interminable.

–Mi capitán –transmitió el cabo-. Aquí sólo hay varios civiles refugiaos, unos pastores que han perdido el rebaño por el impacto de un obús y una mujer a punto de dar a luz.

El capitán, desde la torreta del carro, observaba el establo con los prismáticos.

–Registradlo todo con cuidado.

–Mi capitán –transmitió otra vez el cabo-, también hay un perturbado, vestido con una túnica blanca, que dice que va a nacer un salvador y otras cosas raras.

–A ese me lo traéis bien sujeto.

–Mi capitán –añadió el cabo, con la voz alterada-, la mujer se ha puesto de parto.

–Bienvenido al infierno –murmuró el capitán, con lástima.

A la luz del alba, aparecieron en la loma cercana las figuras de tres camellos cargados de bultos y el capitán los observaba acercarse, indeciso.

–Abrid fuego –ordenó al fin-. No quiero sorpresas.

Os Reis Magos

No Evanxeo de Mateo fábase duns magos, non se especifica o seu número, que chegan a Xerusalén procedentes de Oriente, guiados por unha estrela coa finalidade de adorar o rei dos Xudeos ao que levaban como presentes ouro, incenso e mirra. Probablemente estes magos fosen membros dunha casta sacerdotal medo-persa e o calificativo faga referencia á súa condición de homes sabios, homes de ciencia, sen relación ningunha coa práctica da feitizaría.

A primeira referencia ao seu número parece remontarse ao século V. No século VI na igrexa de San Apolinar Nuovo, en Rávena asignáronselles os nomes cos que os coñecemos na actualidade.

Segundo unha lenda, os seus corpos repousan na catedral de Colonia, en Alemaña, onde se atopa o Relicario dos Tres Reis Magos.

B.A.



SUMARIO

Textos

“Cuento de Navidad” de José María Merino
Os Reis Magos

Información


Autor recomendado: Oscar Scott Card
Selección da biblioteca.

Autor recomendado
Oscar Scott Card



É un escritor estadounidense, nacido en Ricland (Washington) no ano 1951, aínda que medrou nos estados California, Arizona, Utah. Tamén viviu dous anos no Brasil como misioneiro da igrexa mormona.

A súa obra é moi extensa e nela salientan as sagas. Foi o primeiro escritor en recibir dous anos consecutivos os prestixiosos premios dentro do xénero de ciencia ficción: premio Hugo e premio Nebula. Entre elas está a súa obra máis coñecida *Ender's Game*.





Páxina oficial

<http://www.hatrack.com/>


Ano 2070, Ender é un neno prodixio estadounidense reclutado pola Flota Internacional creada tras unha alianza de toda a humanidade para loitar contra a ameaza dos insectores. Ender debe ser entrenado para poder liderar a guerra contra estes insectores.

Trátase do primeiro título dunha colección de catro libros coñecida como a Saga de Ender.



 **Todos con Natalia**
AUTOR: MARCOS CALVEIRO


Dende a desaparición de Natalia os pais de Antón xa non lle deixaban baixar o lixo á noite. Parecía incríbel que a súa vida dese un xiro tan brusco en tan pouco tempo. As cousas andaran mal dende que a nova da desaparición de Natalia, compañeira de clase de Antón, correra como a pólvora.

 **Mar de mañana**
AUTORA: M. MAZZANTINI

Jamila vive nunha Libia arrasada pola guerra e soña con buscar Refuxio en Italia xunto co seu fillo Farid que nunca viu o mar. Jamila prométtelle ao seu fillo que a viaxe na barcaza durará menos ca unha canción de cuna. Dende a outa beira, Angelina ve chegar aos refuxados procedentes de Trípoli.

 **Ámote Leo A.**
AUTOR: ROSA ANEIROS

Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. En cambio, todo se esborralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar soa. A encrucillada é difícil e as dúbidas afógana, pero a ansia por coñecer mundo pode máis que todos os medos.



Premio Nobel de Literatura


Alice Munro

Mi vida querida



 **Yo soy Malala**
AUTORA: MALALA YOUSAFZAI

A historia de Malala, unha nena pakistaní que sobreviviu a un atentado terrorista dos talibans por defender o seu dereito e o de todas as nenas á educación.

 **Mi vida querida**
AUTORA: ALICE MUNRO

Colección de contos nos que a autora, premio Nóbel deste ano, presenta anacos de vidas, sobre todo femininas, que esconden baixo a súa aparente cotidianidade un entramado de sentimentos, emocións, paixóns e vivencias.

Consulta o catálogo da biblioteca na rede
<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/>